**Datos Do Expediente:**

| PROCEDEMENTO ABERTO | | |
|---|---|---|
| Unidade Tramitadora: | | |
| Contratacion e Obras Publicas - IMG | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| CON/64/2015 | CON10I13H | |

1F2B6Q2B2Z706K1115BW

Reunidos na Casa do Concello, o día 14 de outubro de 2016, ás 12,00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado “Servizo de Prevención de Riscos Laborais” formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A mesa antes de proceder a abrir en acto público os sobres “B”, correspondentes a oferta técnica, procede a apertura dos sobres “A” que conteñen as declaracións responsables da súa capacidade para contratar coa Administración, admitindo a todas as empresas que presentaron oferta para esta licitación.

Premap

Consultoría Integral de Prevención de Riesgos Laborables S.L.

Mugatra

Ás 12 horas e cinco minutos, aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia e en acto público, á apertura dos sobres “B” Documentación técnica para a valoracións dos criterios de adxudicación que dependen dun xuizo de valor, presentados polas empresas:

Premat

Consultoría Integral de Prevención de Riesgos Laborables S.L.

Mugatra

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e dez minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es